


EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 1 DE OUTUBRO DE 2014

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día un de outubro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde en funcións, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ e DONA ROSANA RIELO ROZAS. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E URBANÍSTICA.- Acórdase a concesión de licenza licenza municipal de instalación e de obras para área de servizo en rúa San Cibrao, número 15.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para apertura de ocós na fachada do local comercial número 26 do Centro Comercial "As Termas", construído coa licenza número 432/05, sito en solo urbano na avda. Infanta Elena Duquesa de Lugo; para aprobar o proxecto técnico presentado para a instalación de estación base de telefonía móbil en solo urbano, na avda. da Coruña, número 452; para a legalización de cuberta e modificacións interiores en edificio con licenzas 435/1996 e 1060/2011, consistentes en legalización de cuberta con modificación da pendente da cuberta, cubrición de patio de luces, recolocación de chemineas e modificacións interiores con apertura de nova porta á escaleira e prolongación de forxado de baixo cuberta, no edificio, sito en solo urbano na rúa do Teatro, número 3; para a reestruturación de edificio para dúas vivendas, composto de planta baixa para local sen uso definido e accesos; planta primeira para unha vivenda; planta segunda e aproveitamento baixo cuberta para unha vivenda dúplex, sito en solo urbano, na rúa da Cruz, número 22; para legalización das modificacións de estrutura e modificacións dos ocós exteriores, en proxecto de reestruturación total de edificio composto de planta baixa para local e dúas plantas altas para unha vivenda, con licenza 1234/08, no edificio sito en solo urbano, no Recanto do Miño, número 15; para construción de alpendre para guarda de apeiros agrícolas na parcela con vivenda unifamiliar con licenza número 601/98 sito no núcleo rural tradicional de Conturiz+San Amaro+Castro, parroquia de Santo André de Castro, número 25; para a construción de dúas vivendas unifamiliares apegadas en solo urbano, na rúa Farallóns, 1-3; para parcelamento das parcelas matrices con referencias catastrais 001709200PH16b0001SQ e

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	07/10/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/2
 qpeheAb98Y60juGfKbuOig==			

27900A102002290000SG, sitas no núcleo rural tradicional de Pena da Mula-Pena-Rego do Espiño, parroquia de Piúgos e para reforma de estrutura de cuberta para o mantemento do uso, dunha edificación tradicional, destinada a vivenda, situada no solo clasificado como núcleo rural tradicional no PXOU de aplicación, sitúase no núcleo rural tradicional denominado Campo da Barra-Soñariño, parroquia de San Pedro de Soñar.

Así mesmo, acórdase a denegación de licenza para a construción de nave industrial de planta baixa sen uso definido, no Parque Empresarial as Gándaras, rúa A, parcela O.2.1..

2. XESTIÓN.- Acórdase a resolución do recurso de reposición no expediente contradictorio de ruína do inmovible número 124 da rúa San Roque.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase adialo o proxecto de regulamento de recoñecemento e aplicación da situación administrativa de segunda actividade para o colectivo da Policía Local de Lugo, por non cumprir o requisito establecido no artigo 51.1 a) do Regulamento Orgánico Municipal do Goberno e Administración e no artigo 89.3 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno, do Concello de Lugo.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN


4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a inadmisión do recurso de reposición contra o Decreto numero 14006921 de adxudicación do contrato dos lotes 1 e 3 no expediente de contratación da docencia especializada (formación específica) mediante lotes no marco do proxecto "Lugo, Emprego Activo 2" cofinanciado nun 80% pola ue a través do Fondo Social Europeo (código proxecto: 112410004).

Acórdase a prórroga do contrato do servizo de atención ao publico no centro de interpretación da muralla, museo interactivo da historia de lugo e xacemento arqueolóxico "Domus dos mosaicos" dependentes do Concello de Lugo.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación: qpeheAb98Y60juGfKbuOig==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	07/10/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	qpeheAb98Y60juGfKbuOig==	PÁGINA 2/2


qpeheAb98Y60juGfKbuOig==